

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FUNDACIÓN INSTITUTO DE INVESTIGACIÓN SANITARIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (FIDIS) PARA A XESTIÓN DA FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS RÍO HORTEGA, CONCEDIDOS AO INSTITUTO DE INVESTIGACIÓN SANITARIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (IDIS), A TRAVÉS DA FIDIS AO ABEIRO DA CONVOCATORIA AES 2019.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (FIDIS) formalizaron o 29/1/20 o instrumento convencional arriba referido que producirá efectos desde a data da súa sinatura e manterase vixente durante os dous anos que dura o prazo de execución da actividade a partires da data de incorporación dos adxudicatarios.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer a colaboración entre as partes para a formalización dos contratos Río Hortega concedidos ao IDIS a través da FIDIS ao abeiro da convocatoria correspondente ao ano 2019 de concesión de subvencións da Acción Estratéxica en Saúde 2017-2020, do Programa Estatal de Investigación Orientada aos Retos da Sociedade, no marco do Plan Estatal de Investigación Científica e Técnica e de Innovación 2017-2020, na súa resolución de data 25 de novembro de 2019.

A Fundación realizará a achega económica ao Servizo Galego de Saúde (Hospital Universitario de Santiago de Compostela) do importe concedido, isto é, 53.732 euros anuais (26.866 para cada contrato), durante dous anos.

O Servizo Galego de Saúde cos fondos achegados por IDIS, a través da FIDIS, asumirá a xestión do contrato cos candidatos seleccionados, que deberán estar asinados antes do 31 de xaneiro do 2020.

Que os intereses converxentes das partes asinantes non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

O xerente do Servizo Galego de Saúde

Antonio Fernández-Campa García-Bernardo